

Nova xunta directiva COGAMI

Acompañando a Anxo Queiruga na xunta directiva estarán:

Presidente: Anxo Antón Queiruga Vila

Vicepresidente 1º: Ramón Sestayo Lestón.

Unha das persoas impulsoras do asociacionismo social a favor das persoas con discapacidade, iniciando dende Muros, a súa vila natal, a través da asociación que hoxe preside, ADISBISMUR.

Vicepresidenta 2º: Mónica Álvarez San Primitivo.

Inicia a súa traxectoria profesional en COGAMI en 2002. Actualmente preside a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), é vogal na Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade e membro do Foro de Igualdade entre homes e mulleres do concello de Lugo.

Secretario: Víctor Silva Suárez.

Membro da Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca (AMICO) entra en COGAMI en 2018 para formar parte da área Xurídica para velar polos dereitos das persoas con discapacidade.

Vicesecretaria: Juana María Tubío Ordóñez.

Con máis de vinte anos de experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade, Juani é unha persoa moi vencellada á promoción da autonomía das persoas.

Tesoureiro: Álvaro García Bustelo

Unha persoa con ampla traxectoria en COGAMI e no grupo de empresas, sempre vinculada á xestión económica da organización e posta en marcha de novos proxectos na Organización.

Viceteseoureiro: Paulo Fontán Torreiro

Actualmente presidente da Asociación AMIZADE de Pontevedra, Paulo é un referente na promoción de espazos humanizados, accesibles a todas as persoas.

Vogal: Celso Álvarez Pérez.

Compaxina a dirección do centro de recursos que COGAMI ten en Mos co posto de secretario na Federación COGAMI-Pontevedra e conta con ampla traxectoria na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade física e orgánica.

Vogal: José Luís Costoya Quintela

Referente na comarca de Arzúa e Terra de Melide na participación das persoas con discapacidade no ámbito rural, dende o ano 2000 é presidente de AMARAI, sendo un dos seus precursores.

Vogal: Laura Quintas Lorenzo.

Presidenta da Federación DISCAFIS-COGAMI de Ourense e da Asociación Galega de Hemofilia (Agadhemo), Laura está moi comprometida coa discapacidade orgánica e cunha sanidade igualitaria para todas as persoas.

Vogal: Manuel Santos Lamas

En 2006 entra a formar parte de COGAMI como coordinador da entidade AVANTE de Val do Dubra. Actualmente é o xerente do centro especial de emprego Hornos Lamastelle, xerando oportunidades laborais ás persoas con discapacidade.

Vogal: Ignacio Rodríguez Sáez

Con máis dunha década e experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade, experto no ámbito da economía social e o emprego das persoas con discapacidade, actualmente é presidente de AECEMCO e vicepresidente de CEGASAL.



Vogal: Carmen Fernández González

Con máis de 20 anos de traxectoria na asociación Aixiña de Ourense, é referente na posta en marcha de programas para persoas con parálise cerebral na provincia e na creación de emprego a través de programas como o de catering ou artesanía.

Vogal: Juan Antonio Da Silva Irago

Actualmente presidente da Asociación Galega de Fibrose Quística, Juan é unha persoa defensora dos servizos sanitarios para persoas afectadas por esta patoloxía, tanto a nivel autonómico como nacional, ao ser tamén membro da Federación Nacional e patrono da Fundación Nacional.

Vogal: Rosalía López Sánchez

Actualmente vicepresidenta da Asociación GRUMICO de A Coruña, ten unha traxectoria que supera os dez anos de experiencia no movemento asociativo, sendo unha muller estreitamente vencellada á defensa dos dereitos da muller con discapacidade, como demostra formar parte da xunta directiva de ACADAR.

Vogal: Jose Luís Lolo Celeiro

Presidente da Federación COGAMI-Lugo, a súa traxectoria no movemento asociativo está avalado por máis de 25 anos de experiencia, sendo un dos precursores do centro de recursos de Fingoi.

Vogal: Montserrat Cuevas Gándara

Actualmente presidenta da asociación ADAPTA de O Condado e Paradanta, é unha persoa referente na eliminación de barreiras e na creación dunha accesibilidade universal.